



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

Ditame
2/23

DITAME

sobre o anteproxecto de
**Lei de cultura inclusiva e accesible
de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 15 DE MAIO



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 15 de maio de 2023, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario xeral Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG Miguel Malvido Cabirto
Susana Méndez Rodríguez
Natividade López Gromaz

CC.OO. Juan Martínez García
Xesús Castro Baamonde
Carlos Pardo Pardo
Maica Bouza Seoane

UGT-Galicia José Carlos Rodríguez del Río
Delia Irene Martínez Conde
José Luis Fernández Celis
Trinidad Campos Rodríguez

GRUPO SEGUNDO

CEG José Antonio Neira Cortés
José Manuel Maceira Blanco
Enrique Miguel Mallón Otero
Laura Otero Rúa

J. Ignacio López-Bachiller Fernández
M^a del Mar Barreiro Mariño
Ana Belén Vázquez Eibes

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Alba Torreira Puga
SLG	Ana Eiras Regueira Xosé Pérez Rei
Confrarías	José Antonio Pérez Sieira Manuel Daniel Formoso Moledo
Consumidores	Rosa Celia Otero Raña
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade Santiago C.	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José María Martín Moreno

acordou emitir por unanimidade o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

ANTECEDENTES

1.- En data 17 de marzo de 2023 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 2, Sector público e benestar social, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada da solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, do informe de impacto de xénero e de impacto demográfico, así como do informe do Consello da Cultura Galega entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/23, de data 10 de maio, acordou aprobar a proposta de ditame e remítilla á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/23, do 15 de maio, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O obxecto desta lei é achegar a cultura a todas as persoas, mediante a inclusión e a accesibilidade de todas e cada unha delas ao eido cultural, así como apoiar e dar visibilidade á creatividade e ao talento artístico de todas as persoas que, pola súa situación de dificultade, en ocasión permanecen invisibles.

Este anteproxecto de lei estrutúrase en dous títulos, divididos en dezanove artigos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No Título I: “Disposicións xerais”, artigo 1 a 4, exprésase o obxecto e o ámbito de actuación da Lei, así como os principios reitores e obxectivos. No Título II, que comprende os artigos 5 a 19, recóllense as “Liñas de acción para unha cultura inclusiva e accesible en Galicia”, entre as que están a procura dunha maior pluralidade e participación cultural; a igualdade de xénero e visibilización; a formación: o uso da lingua galega; ou o fomento da I+D+i, entre outras liñas.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES-Galicia desexa manifestar a súa satisfacción pola oportunidade da lei, que persegue o obxectivo de conciliar a cultura coa realidade de diferentes colectivos en situación de desvantaxe, especialmente o das persoas con discapacidade, pero tamén outros conceptuados normativamente en risco de exclusión social, dándolle tamén visibilidade á creatividade e ao talento artístico das persoas en situación de dificultade.

2.- Ao mesmo tempo o CES quere amosar a súa inqueda polo limitado contido concreto da mesma, limitándose as liñas de actuación a unha declaración de intencións ampla e sempre en termos de favorecer ou promover (agás no caso da creación, no último artigo, do Observatorio da cultura inclusiva e accesible de Galicia, e as referencias no artigo 9 ás prazas con desconto e ao plan de accesibilidade). A este respecto, considérase significativo o feito que a exposición de motivos ocupe practicamente a metade do texto; sendo ademais, ambas partes do texto -exposición de motivos e articulado- reiterativas unha coa outra.

A modo de exemplo desta falta de concreción e declaracións de intencións ampla cómpre mencionar, entre outros aspectos,

- Non fai referencia a un plan de acción, estratexia, medios e persoal necesarios, horizonte temporal ou prazos para acadar os obxectivos propostos;
- Falta de definición de apoios que permitan unha adaptación ás obrigas que se establecen na nova regulación (v.gr. artigos 7 e 9);

3.- O CES amosa a súa preocupación pola consideración dos aspectos positivos das ferramentas tecnolóxicas e dixitais, sen incluír medidas e medios axeitados que eviten as barreiras que estas ferramentas supoñen para os colectivos máis vulnerables (v.gr. artigo 8. Fenda dixital; art. 15. Investigación, desenvolvemento e innovación; ou artigo 16. Sensibilización e difusión).

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos.

O CES-Galicia aconsella a utilización dunha linguaxe que evite os triunfalismos, máxime nunha cuestión na que tanto queda por facer. Nomeadamente, suxírese eliminar adxectivos como os referidos a “aqueles e aquelas que se atopan en risco de exclusión social e que aparecen *perfectamente definidos* na Lei 10/2013” ou á “Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, onde se conteñen elementos que resultan ser algúns dos *mellores exemplos* da diversidade”.

Asemade, considera necesario ter en conta a recente publicación no BOE do 22 de marzo do Real Decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público. O devandito Real Decreto establece diferencias no calendario de aplicación (entrada en vigor) en función da titularidade de bens e servizos ou en función de que os bens sexan novos ou non.

O CES bota a faltar o recoñecemento dos problemas da deficiente empregabilidade das persoas traballadoras dos sectores culturais, así como da necesidade de mellora da calidade do emprego cultural.

Artigo 2. Ámbito.

O CES chama a atención a que o ámbito de actuación restrínxese tan só a actividades que se desenvolvan no territorio galego, e suxire que se valore a posibilidade de abrir o ámbito da lei á promoción fóra de Galicia do potencial creativo dos artistas que forman parte de colectivos de exclusión.

O CES considera que o ámbito de referencia que se menciona no punto 2 letra b) (“*industrias creativas e culturais*”) ten de ampliarse, abarcando a todo o sector creativo e cultural de Galicia, de tal xeito que inclúa a todos aqueles

actores, creadores e manifestacións culturais, formen ou non parte da industria. O obxectivo ten de ser o de dar visibilidade á creatividade e ao talento artístico de tantas e tantas persoas que, pola súa situación de dificultade, en ocasións permanecen invisibles ao público, e á sociedade en xeral, co menoscabo que iso lles reporta no eido social e económico e co grave dano para o seu desenvolvemento persoal.

Tendo en conta o ámbito da Lei, no concernente ao artigo 2.2, letras f) e g), en opinión do CES debe considerarse que os espazos aos que se refire son os accesibles ao público ou que están a disposición deste o que debería quedar clarificado na redacción. No resto dos espazos relacionados coa cultura rexerán as normas xerais de accesibilidade.

Artigo 3.- Principios reitores.

O Artigo 3.1 letra e) establécese a cooperación e a colaboración coas entidades privadas de iniciativa social, en materia de cultura. O CES considera necesario ampliar o abano a todas as entidades privadas en materia de cultura, se ben facendo especial mención ás entidades privadas de iniciativa social.

Artigo 4.- Obxectivos.

Tanto na Exposición de motivos (EM) como no artigo 4. c) menciónase a *innovación tecnolóxica e dixital para acadar solucións que permitan unha mellora da accesibilidade universal*, así como do **acceso ás novas tecnoloxías**, sen ter en conta que precisamente son moitos dos colectivos ós que vai dirixida a lei (drogodependentes, xente maior, xente do rural, excluídos sociais...), quen menos acceso teñen ás novas tecnoloxías, por falta de medios, falta de formación ou incluso falta dun servizo en condicións de Internet no rural. Son as novas tecnoloxías, xustamente, as barreiras cognitivas e físicas, para moitos destes colectivos, os cales non terán acceso á cultura se esta utiliza como único medio estes medios dixitais e electrónicos. O CES quere chamar a atención sobre o feito de que estes colectivos o que precisan tamén son medios analóxicos (bibliobuses, bos servizos e actividades culturais no rural, cartelería na

rúa, medios como a radio) e unha atención e servizo cultural presencial. Asemade, hai que ter en conta que en moitos casos a compra de entradas para actos culturais se fai con aplicacións informáticas ás que estes colectivos non teñen acceso, ao igual que á información destes actos.

No concernente ao fomento da participación activa de todas as persoas ás que se refire a letra d), o CES entende que debería ampliarse tamén á promoción de actividades (exposicións, concertos, publicacións...) que dean visibilidade e promocionen aos colectivos con maior risco de exclusión artística (persoas con discapacidade, reclusos, drogodependentes, etc.).

No que á eliminación de barreiras de accesibilidade (física, sensorial, comunicativa e cognitiva) se refire, e no senso do que se reflicte nas consideracións xerais deste ditame, o CES entende que habería que avanzar máis neste obxectivo, e por tanto considera necesario contribuír a eliminar ditas barreiras en lugares públicos que aínda as teñen, aportando recursos naqueles casos nos que as entidades privadas non o poidan facer.

Por último, a letra b menciona que “se facilitarán os apoios e axustes razoables que procedan” para promover o acceso e na letra g) menciónase a formación das persoas traballadoras na atención a estes colectivos. En opinión do CES, en ambos os dous casos debería facerse especial mención á formación a estes colectivos máis vulnerables para enfrontarse a ditas barreiras, como o son as novas tecnoloxías, ou facilitando os medios para isto (equipos informáticos ou oficinas de atención a usuarios).

Artigo 7: Deseño universal.

O artigo fai referencia ao principio de deseño e indica que, se fose necesario, deberán crearse e facilitarse os recursos e as ferramentas que permitan o pleno acceso e goce da actividade, en igualdade de condicións co resto de públicos. O CES considera que para o cumprimento deste obxectivo a Xunta de Galicia debe facilitar os medios necesarios, sempre que sexa posible, ás entidades que non dispoñan de recursos para isto.

Artigo 8: Fenda dixital.

O articulado é positivo para facilitar o acceso da cidadanía en xeral, en especial da xente moza que se manexa con eses medios, pero deixa fora a case todos os colectivos que a lei di protexer e que non teñen acceso a estas novas tecnoloxías, nomeadamente aos colectivos máis vulnerables e nos que a fenda dixital é maior.

Neste senso, e tendo en conta que o obxecto desta lei é a promoción efectiva, inclusiva e accesible na cultura e que entre os seus obxectivos está o de garantir a accesibilidade universal de todas as persoas e a súa plena inclusión nos servizos e produtos culturais, o CES quere chamar a atención da importancia, e da necesidade, dos medios analóxicos e da atención presencial, especialmente para os colectivos vulnerables que non teñan fácil acceso ás novas tecnoloxías.

O CES entende que en aras a unha maior claridade expositiva, a norma debería concretar que entende por “medios sociais” (artigo 8.2).

Artigo 9: Eliminación de barreiras.

O ámbito do anteproxecto estende a súa aplicación máis aló do sector público e dos bens ou servizos de titularidade privada que concerten ou subministren ás Administracións públicas. En liña co recollido na consideración xeral segunda sobre a necesidade dunha maior concreción, o CES considera que deberán preverse as medidas de acción positiva e de apoios complementarios que permitan compensar os descontos ou mesmo a gratuidade prevista nesta disposición.

No seu apartado 1 establécese que as Administracións públicas e as entidades privadas establecerán os medios e os procedementos para tender á eliminación progresiva das barreiras de carácter físico, cognitivo, comunicativo, social ou territorial que poidan limitar a participación na cultura en Galicia. Tal e como se recolle nas consideracións xerais, semella que a expresión “tender á eliminación progresiva” é demasiado xenérica, polo que en opinión do CES

debería recoller obxectivos concretos con prazos marcados.

No que á xeración do emprego se refire (artigo 9.3.), o CES entende que debería favorecerse a participación de persoas con discapacidade así como doutros colectivos con dificultades de inclusión social e laboral, entre os que debería mencionar ás persoas maiores e aos parados de longa duración. Ao mesmo tempo, considera que se debería contemplar incluír algún tipo de incentivos a esas contratacións.

No apartado 4 recóllese que os axentes culturais responsables dos equipamentos, das programacións e do resto de tipoloxías de actividades culturais que se desenvolven en Galicia velarán pola elaboración tanto dun plan de accesibilidade como dun plan de inclusión. O CES insta aos poderes públicos a unha elaboración máis taxativa no relativo á elaboración dos devanditos plans.

Artigo 10. Fomento da creación cultural.

No apartado segundo deste artigo faise mención ás persoas con discapacidade e maiores, pero non se inclúe a colectivos para os cales tamén resultarían positivos os recursos e programas culturais, como son, entre outros, os reclusos, as persoas con problemas de drogodependencia, ou as persoas mozas dos centros de menores. E por iso polo que o CES entende necesario modificar a redacción do artigo ampliando a enumeración de colectivos aos que vai dirixido.

Artigo 11. Participación cultural desde o rural.

O CES considera importante a colaboración e diálogo das administracións públicas coas entidades privadas e asociativas, entendendo que as administracións públicas deberían implicarse non só na programación senón tamén na recuperación de servizos que se foron abandonando no rural como bibliotecas, bibliobuses, o teatro, o cine de barrio, a historia oral, etc. Neste senso, debería fomentarse o funcionamento destes servizos contribuíndo a evitar o despoboamento en zonas rurais deprimidas.

Artigo 19. Observatorio da cultura inclusiva e accesible.

Dado que a creación do Observatorio da cultura inclusiva e accesible é o contido máis específico que se recolle na Lei, e considerando fundamental un organismo que analice, inspeccione e propoña de cara a un bo cumprimento da Lei, en opinión do CES o articulado deste artigo é moi escaso e incompleto sendo necesario un maior desenvolvemento normativo. Como exemplo existe xa o “Real Decreto 1709/2011, de 18 de novembro, por el que se crea y regula el Foro de Cultura Inclusiva”.

Dado que o observatorio da cultura inclusiva e accesible é un espazo de participación institucional (de acordo co sinalado no número 2 deste artigo) o CES entende que deberá garantirse a representación no observatorio das entidades ás que se refire a Lei 17/2008 de participación institucional, ampliando a devandita participación a aquelas outras entidades representativas de intereses sociais.

Disposición transitoria segunda.

O CES considera que a definición dos aspectos que deberán integrar o contido mínimo dos plans de accesibilidade e inclusión previstos no *artigo 9. Eliminación de barreiras* deberían quedar establecidos na nova disposición (rango de Lei), deixando o seu desenvolvemento posterior para o regulamento

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.

O PRESIDENTE

Agustín Hernández Fernández de Rojas

O SECRETARIO XERAL

Manuel Martínez Varela

